



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FO301 / 2026

Expediente convocatoria: 2025000033964

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A EMPRESAS DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2026 (FO301 / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da

RPT-21603607

Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 16 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A EMPRESAS DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2026 (FO301/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación e Cultura
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026
Beneficiarios	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas produtoras ou distribuidoras audiovisuais independentes, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa
Programa	FO301/2026
Aplicación orzamentaria	0612/3343/479
Importe da convocatoria	150.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 10.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo por solicitude 30.000,00 € Máximo total solicitudes por empresa 45.000,00€
Importe solicitado	Ata o 75% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Ata o 75%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da

provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.



Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e na seguinte normativa específica:

- Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cine.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 7: "Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial", e aos seus obxectivos operativos O.36 (ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación), O.37 (apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local), O.38 (promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións) e O.39 (promover a lingua e a cultura galegas), mediante o apoio á promoción e difusión de producións cinematográficas e audiovisuais na provincia da Coruña.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

Serán obxecto deste programa de subvencións as actividades que teñan por obxecto a promoción e difusión de producións cinematográficas e audiovisuais (ficción, documental e animación), de calquera duración e en calquera dos formatos e medios de difusión, encamiñadas a súa proxección en salas de exhibición públicas ou privadas da provincia da Coruña.

2.1.1 Modalidades

Contéplanse **dúas modalidades**:

- A. Apoio aos contidos audiovisuais galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas en Galicia) para a súa distribución e exhibición en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego).
- B. Apoio á distribución en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego) de contidos

audiovisuais non galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas fóra de Galicia).

2.1.2 Requisitos dos proxectos

Os proxectos presentados e a ligazón de visionado deberán estar maioritariamente en **lingua galega** ou acreditar na súa solicitude a súa subtitulación ou dobraxe ao galego. Esta convocatoria unicamente subvenciona a distribución dos filmes en lingua galega. En caso de dúbida será a Comisión de Valoración Técnica designada quen informe e emita valoración sobre o cumprimento deste requisito.

Os proxectos non poden ser estreados ou exhibidos na provincia da Coruña antes do 1 de xaneiro de 2026 (non se considerará como estrea as proxeccións previas á súa distribución convencional que puidesen terse feito en festivais).

A efectos de xustificación considerárase cumprida a esixencia de vínculo territorial coa provincia cando se realicen proxeccións públicas en cando menos **tres concellos diferentes da provincia da Coruña**.

2.2 Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de marzo de 2027. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

2.3 Finalidade

Con esta convocatoria anual a Deputación da Coruña quere apoiar a distribución de contidos audiovisuais en lingua galega na provincia da Coruña, para axudar a garantir á cidadanía da nosa provincia a posibilidade de acceso a filmes, documentais e películas na lingua propia do noso país.

O campo audiovisual é hoxe en día un ámbito estratéxico na creación de contidos culturais para calquera sociedade. A produción de filmes, documentais, contidos dixitais e demais formatos audiovisuais para a súa emisión nas diferentes canles existentes (TV, cinemas, internet, cineclubs, redes e programacións públicas...) é unha mostra principal da vitalidade dunha lingua e dunha cultura, en tanto permite xerar discurso propio cara si e cara os outros e articular un espazo de referencias propio e recoñecible, cunha dinámica autónoma e beneficiosa no sociocultural e no económico e ao tempo interconectada e aberta ao resto de espazos culturais do planeta.

Ao tempo, para o ámbito específico da normalización lingüística resulta obvia a importancia estratéxica que ten a existencia dun espazo de comunicación e cultura propio, vivo e que se desenvolva no idioma do país. O proceso a través do cal a lingua galega foi gañando ámbitos de uso e rexistros expresivos ao longo da época contemporánea ten no audiovisual un factor decisivo, en tanto espazo privilexiado para a construción de identidade, reforzamento da estima lingüística e intervención na percepción social sobre a modernidade, utilidade e dinamismo da lingua.

O galego é o principal instrumento conformador e o signo distintivo da nosa cultura. E a produción cultural en lingua galega enfróntase, obxectivamente, a unha situación de desvantaxe comparativa con respecto á produción cultural noutras linguas, por diferentes motivos históricos e socioculturais que fan que, aínda que se avanzou notablemente nos aspectos normativos, o desenvolvemento de políticas de apoio específico á lingua galega continúe a ser absolutamente necesario para axudar a corrixir, desde o público, a situación de desigualdade que segue a darse –e mesmo a incrementarse- nos usos sociais.

En Galicia hoxe segue a ser practicamente imposible acceder a unha oferta habitual de cinema en galego se non é na canle pública de televisión, e iso a pesar de que neste momento o audiovisual galego está a vivir unha etapa de recoñecemento creativo internacional. Actuar na fase da distribución e exhibición é unha das claves para corrixir esta situación e conseguir normalizar a presenza do galego neste campo.

A Xunta de Galicia, a través da AGADIC, apoia a produción audiovisual galega, mais carece de liñas específicas de apoio á exhibición e distribución de cinema en lingua galega.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia cultural, pretende destinar recursos á actividade de fomento do audiovisual, mediante a concesión de axudas económicas destinadas á promoción e comercialización de produtos audiovisuais considerados de interese público, co obxectivo de contribuír a garantir o fomento e acceso universal da cidadanía da provincia da Coruña á produción cultural en soporte audiovisual en lingua galega.

Lingua galega

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de Usos da Lingua Galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña, consciente desta realidade e convocante desta liña de subvencións, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe non o é: vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica. Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoien claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por deixación de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Base 3. Solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas, constituídas antes de presentar a solicitude como entidades lucrativas produtoras ou distribuidoras audiovisuais independentes, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa.

- Por empresa produtora entenderase a persoa física ou xurídica inscrita no rexistro do ICAA como empresa produtora e que posúa a titularidade de, como mínimo, o 20% da propiedade do negativo e dos dereitos de explotación da obra audiovisual.
- Por empresa distribuidora entenderase a persoa física ou xurídica inscrita no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e que posúa a titularidade dos dereitos de exhibición “theatrical” e non “theatrical”.

A inscrición no rexistro e a titularidade dos dereitos deberán acreditarse coa solicitude.

As persoas solicitantes deberán estar dadas de alta nalgún dos seguintes epígrafes segundo o imposto de actividades económicas:

- Epígrafe 961.1. Producción de películas cinematográficas
- Epígrafe 962 .1 Distribución e venta de películas

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa

Persoas excluídas

- Cooperativas sen ánimo de lucro que poderán presentarse aos programas destinados ás entidades sen ánimo de lucro (FO203).

Base 4. Gastos subvencionables

Gastos subvencionables no programa FO301:

Conta	Descrición da cont
607	Traballos realizados por outras empresas
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
627	Publicidade e propaganda
629	Comunicacións e outros servizos (só gastos de viaxe desprazamento, manutención ou aloxamento) do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
640	Soldos e salarios
641	Indemnizacións
642	Seguridade Social
	Gastos imprevistos (ate un 5% do importe total do orzamento subvencionable)

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- **Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados coa distribución, comercialización e exhibición da peza audiovisual nos concellos da provincia da Coruña.** Non se subvencionan en ningún caso gastos que teñan repercusión fóra da provincia da Coruña ou, de ser o caso, imputarase só a parte proporcional do gasto correspondente aos concellos da provincia da Coruña.
- Na conta 607 - Traballos realizados por outras empresas inclúense:
 - Traballos do proxecto encargados a outras empresas.
 - Os gastos de manutención ou aloxamento do persoal externo á entidade solicitante necesarios para a realización da actividade.

En materia de subcontratación:

- Enténdese subcontratación a contratación de prestacións que podería realizar a entidade solicitante por si mesma por estar comprendidas dentro do seu ámbito

de actividade.

- Para valorar a concorrencia de subcontratación comprobarase o obxecto social da entidade solicitante, así como os epígrafes do IAE nos que se atope dada de alta. No caso de discrepancia, prevalecerá este último.
 - Non se considera subcontratación os gastos nos que incorran as entidades solicitantes para a realización por si mesmas da actividade subvencionada (art. 29 da Lei xeral de subvencións).
 - Finalmente non se considera subcontratación a prestación de servizos de intermediación en materia de publicidade (axencias de publicidade) sempre que se poda acreditar que non incrementa o custe dos servizos prestados e cumpren o previsto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.
- Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.
 - Para os gastos de persoal correspondentes á actividade subvencionable, deberá aclararse na memoria xustificativa a necesidade ou relación dos gastos de persoal co obxecto da subvención, indicando o detalle da xornada laboral imputada ao proxecto subvencionado e as tarefas levadas a cabo por cada traballador/a ou socio/a.
 - No caso de que a solicitante sexa unha persoa física (autónomos), o único gasto subvencionable serán as cotizacións á Seguridade Social.
 - No caso de socios e administradores suxeitos ao réxime especial de traballadores autónomos, o único gasto subvencionable serán as cotizacións á Seguridade Social.
 - No caso de socios e administradores suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou asimilado, admitirase o gasto de persoal (soldos e salarios, e seguridade social) co límite do 60% do orzamento subvencionado para xustificar.
 - No caso de servizos profesionais prestados polas socias e socios baixo unha relación laboral non dependente e que xustifiquen os ditos gastos mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase que concorre o suposto de operacións vinculadas e non poderá superar o 40% do orzamento subvencionado para xustificar.
 - Respecto dos gastos de transporte, aloxamento e manutención terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa indicando motivo, persoas e datas. Ademais, no caso dos desprazamentos deberase indicar a orixe e o destino.
 - Consideraranse gastos imprevistos aqueles necesarios para o desenvolvemento da actividade que non foran incluídos no orzamento inicial. A entidade deberá aclarar o seu contido e a conta á que son imputables.
 -

Gastos excluídos:

- Gastos de carácter xeral da entidade
- Gastos de participación en festivais.
- Producións cinematográficas ou audiovisuais que xa foron obxecto desta axuda pola Deputación da Coruña.
- Gastos que excedan o período subvencionable.
- Gastos financeiros.
- Gastos protocolarios (agasallos, caterings...) salvo que estean vinculados directamente ao obxecto da subvención (servizos de restauración, almozos cos medios pola estrea do filme, etc) e que nunca poderían exceder o 5% do orzamento subvencionado que se ha xustificar. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións destes programas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con calquera outra liña de subvención da área de cultura.

Estas axudas, acollidas ao réxime *de minimis*, deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis. O importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 300.000 euros durante o período dos tres anos previos á data de concesión.

5.2 Exclusións

- Proxectos que xa foran estreados ou exhibidos na provincia da Coruña antes do 1 de xaneiro de 2026 (non se considerará como estrea as proxeccións previas á súa distribución convencional que puidesen terse feito en festivais).
- Actuacións artísticas adxudicadas na Rede Cultural.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Cada empresa poderá presentar varias solicitudes. En todo caso o importe total das subvencións concedidas non poderá superar os 45.000 €.

Considéranse «única empresa» dúas ou mais entidades nas que exista coincidencia nun 25% ou máis do capital social ou dos fondos propios da mesma ou cando unha persoa autónoma posúa un 25% ou máis do capital social ou dos fondos propios dunha ou mais entidades.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Número de proxeccións mínimas na provincia

Realizar proxeccións en cando menos tres concellos diferentes da provincia da Coruña.

7.2 Recollida de datos desagregados

Recabar datos desagregados por sexo no caso de realizar estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

7.3. Difusión do apoio da Deputación

As entidades beneficiarias:

- Farán constar expresamente o [logotipo da Deputación](#) nas pezas audiovisuais subvencionadas, na relación de apoios recibidos, usando a fórmula: Apoio á distribución da Deputación da Coruña.
- Incluirán o logotipo da Deputación da Coruña na súa páxina web e nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

As obrigas de publicidade entenderanse desde a data de concesión ata o pagamento da subvención.

7.4 Lingua galega

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (páxina web, redes sociais, cartalaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes nomearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas de recoñecida traxectoria no ámbito audiovisual obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

A entidade deberá completar todos os apartados da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

No caso de contradición entre a memoria e os datos completados na solicitude prevalecerán os datos contidos na memoria.

8.2.a.- VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 50 puntos

- **Carácter de estrea comercial na provincia da Coruña, ata 25 puntos**
 - A estrea do contido audiovisual, dentro do Estado español, realízase na provincia da Coruña: 10 puntos.
 - Proxección da estrea (ata 10 puntos):
 - -Versión orixinal en galego: 10 puntos.

■ -Versión orixinal subtitulada ou dobrada ao galego: 5 puntos

- Incorporación de sistemas de accesibilidade para persoas con discapacidade visual e/ou auditiva: 5 puntos.

Para a valoración deste ítem terase en conta a estrea comercial pero non as proxeccións previas en festivais.

- **Distribución e comercialización da produción audiovisual en salas de exhibición públicas ou privadas da provincia da Coruña, ata 15 puntos**

- Máis de 6 concellos, 15 puntos.
- Seis concellos, 12 puntos.
- Cinco concellos, 9 puntos.
- Catro concellos, 6 puntos.
- Tres concellos, 3 puntos.

- **Apoio á produción feminina e criterio de xénero.**

Se a porcentaxe de mulleres no equipo técnico supera o 40%. 3 puntos.

Para a súa consideración entenderase por equipo técnico as xefas e primeiras axudantes dos equipos de dirección, produción, fotografía, iluminación, dirección de arte, son, montaxe e posprodución.

- **Coeficiente de financiamento derivado da solicitude, ata 7 puntos**

- Entre 60% e 70%, 3 puntos
- Entre 50% e 59,99%, 4 puntos
- Entre 40% e 49,99%, 5 puntos
- Entre 30% e 39,99%, 6 puntos
- Entre 20% e 29,99%, 7 puntos.

No momento da xustificación, deberá acreditarse o cumprimento das circunstancias polas que se obtiveron os puntos da valoración automática.

No caso de que non se acrediten a execución todas as circunstancias polas que se obtiveron puntos determinantes para fixar o importe concedido, adaptarase o importe a aboar en función dos puntos que realmente se acreditan, podendo dar lugar á perda do dereito ao cobro da subvención no caso de non acadar a puntuación mínima.

8.2.b.- VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 50 puntos, a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos:

Para a valoración técnica utilizarase a ligazón de visionado do proxecto presentado pola entidade solicitante xunto coa memoria e os datos cubertos na solicitude.

- **Características e calidade da produción audiovisual (ata 25 puntos)**

- Calidade contrastada e interese cultural da produción audiovisual -avaliada pola selección en festivais, mostras de prestixio ou apoios oficiais á produción nalgunha fase do desenvolvemento e produción-. Ata 15 puntos.

- Produción orientada especificamente á infancia. Ata 3 puntos.
- Produción de marcada vocación creativa e/ou experimental de difícil comercialización ou estrea en salas comerciais. Ata 4 puntos.
- Vinculación profesional coa provincia da Coruña da persoa ou persoas directora ou guionista do filme. Ata 3 puntos.
- **Comunicación online e offline (ata 15 puntos)**
 - Produción de web e perfís específicos da campaña de promoción en redes sociais e utilización de novas tecnoloxías e innovación na distribución e comercialización do produto audiovisual. Deben presentarse os enlaces directos a webs e redes en funcionamento. Ata 5 puntos
 - Plan de comunicación do evento. Ata 10 puntos:
 - a estratexia de promoción e distribución (ata 5 puntos)
 - a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan (ata 5 puntos).
- **Valoración solvencia e traxectoria da empresa solicitante (ata 10 puntos).**
 - Traxectoria profesional e experiencia no ámbito específico da distribución: ata 5 puntos.
 - Sinerxía co audiovisual galego: Equipo técnico-artístico galego, localizacións en Galicia, empresas de servizos galegas, etc: ata 5 puntos.

8.3 Causas de exclusión

Quedarán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 40 puntos no conxunto da valoración, dos que, polo menos, 25 puntos corresponderán ao apartado de valoración da comisión técnica

A comisión técnica poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas, falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda ou se considera, de xeito argumentado, que non é posible realizar a súa valoración de xeito adecuado, que incorporan un orzamento que non se adecúa ao proxecto presentado ou ben non cumpre cos requisitos desta convocatoria.

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **30 de xuño de 2027, ás 14:00 horas**.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- As actividades obxecto da subvención realizaranse no ámbito territorial da provincia

da Coruña.

- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000,00€ (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, a persoa solicitante non forma parte dunha sociedade que solicite outra subvención na mesma convocatoria e viceversa.

Documentación:

No caso de persoas físicas:

- Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña ou poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da solicitante no caso de non coincidir coa persoa solicitante.
- Certificado de Vida laboral ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA ou alta na mutualidade

No caso de persoas xurídicas:

- Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña ou poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da entidade/ persoa, salvo que actúe con certificado de representación da entidade
- Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houbese), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados), a excepción das sociedades civís nas que se determinará atendendo á data que conste no documento de constitución das mesmas.

Todos os solicitantes

- Memoria da solicitude
- Enlace de visionado do proxecto, que deberá estar accesible ata o momento da concesión da subvención
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.
- Certificación de estar inscrita no rexistro do ICAA como empresa produtora ou distribuidora
- Acreditación da titularidade dos dereitos

A efectos de acreditar a lícita tenencia dos dereitos presentarase o contrato de distribución da película, certificación do Rexistro da Propiedade Intelectual na que conste a súa inscrición ou outra documentación que o acredite fidedignamente. Se a lingua orixinal destes documentos non é o castelán ou o galego estes presentaranse, ademais, traducidos a unha destas linguas.

- Declaración das axudas públicas en réxime de mínimos concedidas ou solicitadas nos anos 2023, 2024, 2025 e 2026.
- Declaración responsable da valoración de horas que motiven a previsión de nóminas e gastos de seguridade social directa e exclusivamente asociados a este proxecto.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitud de autorización segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da representación, no seu caso.
- Memoria xustificativa
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto de forma detallada, comprensible, e con prezos unitarios, incluíndo obrigatoriamente o título dos filmes subvencionados.

No caso de gastos de persoal suxeitos ao reximen xeral da Seguridade Social ou asimilado correspondentes á actividade subvencionable, gravaranse para cada traballador/a e mes dous rexistros:

- Un na conta 640, indicando na columna "importe" o total devengado da nómina e na columna "imputado" o importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado, achegando a correspondente nómina e o xustificante de pago da mesma.
- Outro na conta 642, indicando na columna "importe" o líquido total da cota empresarial e na columna "imputado" o importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado, xustificado mediante os "Cálculos globais do/a traballador/a".

No caso de gastos de persoal suxeitos ao réxime especial de traballadores autónomos correspondentes á actividade subvencionable, gravaranse para cada traballador/a e mes un rexistro:

- Na conta 642, indicando na columna "importe" o líquido total da cota de autónomos, e na columna "imputado" o importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado, xustificado mediante o xustificante bancario do pagamento da cota.

No caso de que na relación de gastos figuren persoas acreedoras vinculadas coa entidade beneficiaria, estes deberán corresponderse cos indicados na solicitude de autorización presentada coa solicitude da subvención e para as que se outorgase a autorización expresa da Deputación.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de marzo de 2027. Os xustificantes de

gasto terán que estar expedidos no período sinalado.

- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada (venta de entradas, patrocinadores, venda de comidas e bebida, merchandising, entre outros) ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.

Só se considerarán ingresos concorrentes aqueles con ámbito territorial provincial ou á parte proporcional no caso de ingresos de ámbito distinto ao provincial.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.
- No caso de que contratase cun mesmo proveedor un gasto superior a 15.000,00 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas produtoras ou distribuidoras audiovisuais independentes, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa. Cada empresa poderá presentar varias solicitudes. En todo caso o importe total das subvencións concedidas non poderá superar os 45.000 €

Segundo. Obxecto

Serán obxecto deste programa de subvencións as actividades que teñan por obxecto a promoción e difusión de producións cinematográficas e audiovisuais (ficción, documental e animación), de calquera duración e en calquera dos formatos e medios de difusión, encamiñadas a súa proxección en salas de exhibición públicas ou privadas da provincia da Coruña. Contémplanse dúas modalidades: a) Apoio aos contidos audiovisuais galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas en Galicia) para a súa distribución e exhibición en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego). b) Apoio á distribución en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego) de contidos audiovisuais non galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas fóra de Galicia).

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerá polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 150.000 €, con cargo á partida 0612/3343/479 do Orzamento ordinario para 2026. A axuda da Deputación terá un importe máximo de 30.000 € por proxecto e non poderá superar o 75% do orzamento subvencionable.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 16 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes coma o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Personas físicas o jurídicas, constituidas como entidades lucrativas productoras o distribuidoras audiovisuales independientes, establecidas en un estado miembro de la Unión Europea, que acrediten que realizan las actividades objeto de este programa. Cada empresa podrá presentar varias solicitudes. En todo caso el importe total de las subvenciones concedidas no podrá superar los 45.000

€

Segundo. Objeto

Serán objeto de este programa de subvenciones las actividades que tengan por objeto la promoción y difusión de producciones cinematográficas y audiovisuales (ficción, documental y animación), de cualquier duración y en cualquiera de los formatos y medios de difusión, encaminadas a su proyección en salas de exhibición públicas o privadas de la provincia de A Coruña. Se contemplan dos modalidades: a) Apoyo a los contenidos audiovisuales gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc. hechas en Galicia) para su distribución y exhibición en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje al gallego). b) Apoyo a la distribución en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje al gallego) de contenidos audiovisuales no gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc. hechas fuera de Galicia).

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 150.000 €, con cargo a la partida 0612/3343/479 del Presupuesto ordinario para 2026. La ayuda de la Diputación tendrá un importe máximo de 30.000 € por proyecto y no podrá superar el 75% del presupuesto subvencionable.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 16 de enero de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de febrero de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>